

ACTA DE REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL, ACCESO INTERNO E ADSCRICIÓN PROVISIONAL DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DE VIGO

ASISTENTES

UNIVERSIDADE DE VIGO

Ana Fernández Pulpeiro, Xerente, (Presidenta)
Ana Comesaña Álvarez, Vicexerente de
Persoal
Miguel Diéguez Díaz, Vicexerente do Campus
de Ourense
José Manuel Fernández Viña, Xefe do Servizo
de PAS
Francisco Javier Maneiro Porto, Xefe do
Negociado de Selección e Provisión,
(Secretario)

C. DE EMPRESA DE OURENSE

Luis Pérez Gómez (escusa a asistencia)

C. DE EMPRESA DE PONTEVEDRA

Marcos Estévez Orge (escusa a asistencia)
Marisa Magaz Ledo (en suplencia do anterior)
Ángel Torreiro Varela (non asiste)
Federico Alberto Rodríguez Rodríguez

XUNTA DE PAS FUNCIONARIO

María Fariza Novoa
Xan Cebro Rodríguez
Xosé Henrique Macías Cambra (escusa a
asistencia)
Sergio Pajares Rodríguez (en suplencia do
anterior).

Acta da reunión celebrada ás
09:30 horas do día 4 de decembro de
2009, na sala de xuntas nº 2 do Edificio
Xerencia/Servizos Centrais coa asistencia
das persoas que se citan á marxe e de
acordo coa seguinte

ORDE DO DÍA:

1º. Aprobación das actas desta Comisión pendentes de sinatura:

- a) 15 de maio de 2009. Entregada na reunión de data 21/10/2009.
- b) 28 de agosto de 2009. Entregada na reunión de data 21/10/2009.
- c) 21 de outubro de 2009: (se xunta copia).

2º. Bases da convocatoria específica para selección temporal de técnicos superiores de I+D+I (se xunta coa convocatoria).

Federico Rodríguez Rodríguez, explica que Luis Pérez Gómez, membro do Comité de Empresa de Ourense non pode asistir á reunión por estar enfermo.

A Vicexerente de Persoal propón como norma de funcionamento para vindeiras reunións que se nomeen suplentes sempre que haxa titulares ausentes.

1º. APROBACIÓN DAS ACTAS PENDENTES DE SINATURA DA COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE SELECCIÓN TEMPORAL.

Apróbanse por unanimidade as tres actas pendentes.

2º. BASES DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA SELECCIÓN TEMPORAL DE TÉCNICOS SUPERIORES DE I+D+I.

Marisa Magaz expresa que a valoración de méritos da convocatoria, no que atinxe á experiencia, non se axusta á valoración recollida na resolución do 31 de marzo de 2009 pola que se publica o *Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo*.

A Vicexerente de Persoal manifesta que foron tidas en conta ás porcentaxes recollidas no acordo, pero que volverán a comprobar a valoración

Apróbase por unanimidade a convocatoria específica para selección temporal de Técnicos Superiores de I+D+I.

A pesar de non figurar incluído como punto da orde do día ábrese unha quenda de ROGOS E PREGUNTAS:

Xoan Cebro solicita que cando haxa unha convocatoria extraordinaria desta Comisión, ademais dos medios habituais se avise por teléfono a estes da convocatoria. A Xerencia acéptao.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10:00 horas.

O SECRETARIO,

Visto e praxe,

A PRESIDENTA,